

COMEDOR ESCOLAR

**PROTOCOLO DE
FUNCIONAMIENTO**



CURSO 2022-23

INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, o comedor escolar está integrado na vida e organización do noso centro educativo, contribuíndo, a través dun plan de actividades, á consecución dos obxectivos das diferentes etapas educativas do centro (ver punto 6).

O funcionamento do servizo do comedor escolar está regulado pola seguinte normativa:

Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación.
- Instrución 3/2017 da Secretaría Xeral Técnica, do 23 de marzo, pola que se establecen directrices e recomendacións respecto da comida sobrante nos comedores de xestión directa existentes nos centros de ensino público dependentes da Consellería de Cultura, Educación e OU:
- Decreto 374/2009, do 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Instrución 2/2022 do 1 de xuño sobre o funcionamento de comedores escolares. Curso 2022-2023

1. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE COMEDOR: INSTALACIÓNS, MODALIDADE E CLASIFICACIÓN

1.1. INSTALACIÓNS

O comedor do CPI Luís Díaz Moreno ocupa dúas salas contiguas e comunicadas da planta baixa do edificio principal, con fácil acceso dende a porta principal, e posúe unha ventilación e iluminación axeitadas. Anexa á sala de comer atópase a zona de fregado que dá acceso á cociña, almacén, e vestiario . A cociña conta cunha porta para acceder ao comedor e outra para saír ao exterior, onde están colocados os colectores de lixo e os recipientes de residuos graxos. Tanto o chan como as paredes do comedor foron mellorados para facelos máis resistentes e facilitar a súa limpeza.

Para o vindeiro curso 2022-23 e motivado pola adaptación a situación xerada pola Covid-19, xa iniciada no curso pasado, , e seguindo as instrucións do protocolo de adaptación da Consellería no seu punto 14, habilitáronse tres espazos para comedor: espazo entre aulas de Educación Infantil (26 comensais de Infantil), aula na planta baixa (14 comensais de 4º Primaria, que forman grupo de convivencia estable) e sala de audiovisuais (para profesorado). **se habilita un espazo anexo para educación infantil.**

En canto á moblaxe, aínda que non se conta con mesas e cadeiras específicas para o alumnado de Educación Infantil, adaptouse o mobiliario existente para facelo máis axeitado, en altura, ó alumnado dos primeiros cursos. Dispónse tamén de dous conxeladores, dúas neveiras, dúas mesas mantedoras de alimentos, dous armarios para a vaixela, lavalouza e peladora de patacas.

Todas as dependencias están dotadas coas medidas de seguridade legais tal como reflicten as actas de inspección arquivadas na secretaría do centro. O comedor conta cun Plan de Autocontrol de Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC).

1.2. MODALIDADE

O servizo de comedor prestarase segundo a modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerán as función recollidas na normativa vixente.

1.3. CLASIFICACIÓN

Segundo o número de comensais, trátase dun comedor tipo B (ata 172 comensais).

2. MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE: PROTOCOLO COVID-19

Organización de comedores:

- Educación Infantil: Espazo entre aulas. Grupo de convivencia estable.
- Educación Primaria: 4º EP(aula habilitada), 1º,2º,3º,5º e 6º EP comedor por grupos de convivencia estable.
- ESO: Comedor en mesas separadas, sentados en oblicuo e a 1,5m de distancia.

Normas xerais para todos os comensais:

- Obrigatorio o uso de máscara, excepto no momento da alimentación.
- O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio.

Ventilación: os locais utilizados no servizo de comedor, ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas se as circunstancias climatolóxicas o permiten.

3. USUARIOS

O servizo de comedor escolar poderá ser solicitado por todo o alumnado do centro; no caso de existir máis solicitudes que prazas dispoñibles,

correspóndelle ó consello escolar do centro a selección e admisión de usuarios, seguindo os criterios establecidos na lexislación vixente, aínda que, dado o número de prazas (172), é previsible que non sexa necesario realizar este trámite no curso 2022/23.

Por outro lado, ó existir prazas vacantes, poderán facer uso do servizo:

- O persoal laboral de cociña, que poderá usalo gratuitamente.
- O persoal docente e non docente que realice labores de atención dos usuarios do comedor, que poderán usalo gratuitamente os días de prestación efectiva do labor e pagando o prezo público os restantes días.
- O restante persoal, docente e non docente, que deberá aboar o prezo público.
- As nais, pais e titores/as legais que desempeñen labores de atención dos usuarios poderán usalo gratuitamente os días que desempeñen tal función.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causaran automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9:45 do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do dereito a uso do servizo durante 10 días.

Os alumnos,-as que teñan un informe médico nos que se especifique a súa problemática e a necesidade dun menú específico (dieta, alerxias alimentarias,...) terán un menú adaptado. Nos casos de alumnos,-as que teñan preferencias persoais (vexetarianos,...) o comedor, seguindo as ordes de Comedores Escolares, non fará un menú especial dado que o comedor non é obrigatorio.

En caso de detectarse que algún alumno,-a presente problemas coa comida (rechaza comer, como pouco,...) o director,-a comunicarllo a familia e a o titor,-a para que estea pendente da súa situación e evolución.

4. FINANCIAMENTO DO SERVIZO E PAGAMENTO DE PREZOS PÚBLICOS

O importe diario que se establece como axuda para o funcionamento do comedor escolar será, no noso caso (comedor tipo B) de 2.05€ para EI e EP, e 2,37€ para ESO.

As persoas usuarias do servizo de comedor que non sexan beneficiarias da gratuidade total do servizo deberán aboar, segundo a renda, 1€, 2,5€ ou 4,5€.

O pagamento mensual dos prezos públicos pola utilización do comedor escolar producirase nos vinte primeiros días do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que deberán aboar resultará de multiplicar o prezo que corresponda polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. **Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente ao centro de ensino, os días que non vaian facer uso do comedor antes das de 9:45 cada día, se queren que ese día non lles sexan tidos en consideración nos pagamentos.**

Para realizar este pagamento, o centro porá os impresos necesarios a disposición dos suxeitos pagadores, que os asinarán en proba de conformidade e, unha vez realizado o ingreso en calquera entidade autorizada pola Consellería de Facenda para este fin, presentarán o xustificante nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes. Igualmente, as persoas interesadas

poderán utilizar a oficina virtual tributaria <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos> para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os suxeitos que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes correspondentes. Así mesmo, os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do espazo Abalar sen necesidade de acudir ao centro para obtelos, ademais, o pagamento por esta vía é comunicado automaticamente á aplicación comedores, polo que os suxeitos que empreguen este sistema non terán que presentar xustificante algún no centro.

A falta de abono do importe do servizo será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar. Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

5. PERSOAL COLABORADOR

As 8 persoas que colaboren no comedor (o número vén determinado polo número de alumnos/as comensais) desempeñarán as funcións que sinala o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación co artigo 8.5 da Orde de 21/02/2007 e non poderán abandonar, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da dirección do centro.

O profesorado poderá realizar, con carácter voluntario, labores de colaboración na atención do comedor escolar; de non existir profesorado que se encargue destas tarefas, poderán ser desempeñadas por nais, pais ou titores/as legais de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no centro.

Regulamento dos colaboradores,-as

Os colaboradores,-as deben respectar as normas do centro e toda a normativa que regula os comedores escolares, as indicacións do equipo directivo e do colaborador,-a do comedor escolar . No caso contrario o equipo directivo escoitadas as referencias de calquer membro da comunidade educativa levará ao consello as posibles sancións para a súa votación . Para iso e infraccións se valorarán tendo en conta a gravidade dos feitos, a frecuencia, a idade do suxeito implicado e/ou incumplimento de calquera norma. Se clasifican do seguinte xeito :

- **Incidencias , faltas leves ou graves.** Son consideradas as conductas que afecten de forma leve ou grave a calquer membro da comunidade educativa. Neste caso o equipo directivo recabará toda a información necesaria e levará o caso ao Consello Escolar. Éste votará a sanción ou sancións propostas do equipo directivo ou outras que se acorden no Consello. Pode ir dende a amonestación verbal e a apertura dun expediente ata o cese das súas funcións por un período de ata 2 anos.

- **Faltas moi graves.** Dada a gravidade da conducta,-as, o equipo directivo poderá propoñer ao Consello Escolar para que o vote ,a decisión de cesar o colaborador,-a do seu cargo e que non poda volver a formar parte do mesmo de forma indefinida.

A **selección dos colaboradores,-as** faino todo o equipo directivo tendo en conta os criterios de selección e as referencias achegadas do encargado de comedor,-a para aqueles colaboradores que xa estiveran vixiando.

Aplicaranse os seguintes **criterios de selección no persoal colaborador:**

- Dado que a primeira selección do persoal colaborador se fai ao inicio do curso, a normativa que regula ese proceso será a aprobada no curso 2021-2022. Logo poderá ser modificada e aprobada no Consello Escolar ao longo do curso 2022-2023. Esta norma ou cambios seguirán vixentes no proceso de selección do curso 2022-23 salvo que se acorde o contrario.

- O primeiro criterio para seleccionar é non haber traballado no curso precedente.De non haber suficientes colaboradores,-as nese requisito, escollerase entre os outros,-as candidatos.

- Un informe desfavorable do equipo directivo ou un acordo acadado do Consello escolar sobre incidencias ou infraccións leves ou graves que non implicasen o cese das súas funcións, suporán ata un punto menos.

- Un acordo do Consello Escolar de cese do cargo por infracción moi grave implica automaticamente a imposibilidade de participar na selección de forma indefinida.

- Un criterio para seleccionar é non haber traballado no curso precedente. De non haber suficientes colaboradores,-as nese requisito, escollerase entre os outros,-as candidatos.

- Valoración positiva por ser colaborador/a en cursos anteriores: max. 1 punto

- Graduado en ESO ou Graduado Escolar: 1 punto.

- Titulación oficial relacionada co ámbito educativo e/ou da saúde (Maxisterio, Técnico en Educación Infantil, Enfermería, Auxiliar de Enfermería...): 2 puntos.

- Cursos homologados relacionados co labor que se levará a cabo (Monitor/a de tempo libre, cursos de alimentación...): 0.5 cada curso, ata un máximo de 2 puntos.

En caso de dúbida, o Consello Escolar determinará a pertinencia das titulacións achegadas. No caso de empate, terá preferencia aquela candidatura que demostre unha maior antigüidade no paro; se persiste o empate, realizarase un sorteo.

Así mesmo, terase en conta o acordado en sesión extraordinaria de Consello Escolar do 11 de maio de 2017 na que se establece dúas persoas que non poderán colaborar no comedor por incidencias coas mesmas no curso 2016/2017 e o acordo en sesión extraordinaria de Consello Escolar do día 24 de febreiro de 2021, na que unha colaboradora non poderá colaborar no comedor por incidencias no curso 2020-21 e serán de aplicación as normas que quedaron establecidas nese Consello Escolar do ano 2017 que deben cumprir os colaboradores/as.

Estes mesmos criterios aplicaranse para confeccionar unha lista de agarda, para substituír ás persoas colaboradoras que causen baixa.

O importe que percibirá o persoal colaborador será de 12,50€ por día de asistencia efectiva ó comedor.

O 29 de xullo do pasado ano publicouse a Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, que modificou a LO 1/1996 do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor. A nova lei establece textualmente, no seu artigo 13.5 o seguinte:

“Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade indemnidade sexual que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”

Polo que, a todas as persoas que desexen colaborar no comedor escolar deberáselles esixir a acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

4.1.FUNCIÓNS DO PERSOAL COLABORADOR.

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
 - b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
 - c) Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
 - d) Informar o equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
 - e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
- F) Atender as indicacións dadas polo equipo directivo e o colaborador,-a-

4.2. INCUMPRIMENTO DAS FUNCIÓNS DE COLABORADOR/A

Ao inicio do curso escolar abrírase unha ficha (anexo I) a cada colaborador/a, onde se irán rexistrando aquelas incidencias e/ou faltas que cometa .Cada rexistro quedará asinado tanto polo colaborador/a como pola dirección..

Este rexistro levarase as reunións de Consello Escolar, onde se tomarán as medidas pertinentes.

Consideraranse faltas:

- Incumprimento das funcións encomendadas e das diferentes normativas.
- Non atención das ordes dadas pola encargada ou pola directora.
- Faltas de respecto a calquera membro da comunidade educativa.

-Falta de aseo persoal para a realización do seu traballo (pelo sen recoller, mans sucias...)

-Falta de puntualidade

-Ausencia inxustificada

-Incumprir as normas de hixiene e seguridade da Covid-19

-Crear un clima desfavorecedor para a convivencia no centro.

6. OBXECTIVOS

Como dixemos máis arriba, as actividades levadas a cabo no comedor escolar (así como no tempo previo e posterior á comida) contribuirán á consecución dos obxectivos xerais das diferentes etapas educativas; así, incidirán en:

Educación Infantil

- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social.

Educación Primaria

- Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo.
- Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptar as regras que democraticamente se establezan, articular os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos, e asumir as responsabilidades que correspondan.
- Establecer relación equilibradas e construtivas coas persoas en situación sociais coñecidas.
- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ó seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar.

- **Colaborar nas tarefas encomendadas (servir,recoller,...). ????**

Educación Secundaria Obrigatoria

- Practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoais e grupos.
- Afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais.
- **Colaborar nas tarefas encomendadas (servir,recoller,...).**

En caso de incidencia disciplinaria durante a estancia no comedor o equipo directivo pode encomendarlle ao alumnado tarefas dentro do comedor coa finalidade de reflexión e cambio da súa conducta (participar no servicio da comida, na recollida e limpeza, ...) . Sempre será proporcional a súa conducta e comunicarse ás familias. Estas medidas non o eximen dunha falta disciplinaria recollida no regulamento de réxime interno (incidencia, falta leve,....).

6.1. Obxectivos específicos

- Proporcionar ás persoas usuarias do servizo de comedor unha dieta sa e equilibrada.
- Concienciar o alumnado usuario da importancia dunha alimentación adecuada e variada para gozar dunha boa saúde.
- Promover no alumnado a idea de que a comida é tamén un feito social que conleva unhas normas de conduta determinadas relativas á hixiene (lavar as mans antes e despois de comer, mastigar correctamente...), ás posturas corporais adoptadas, ó ton de voz empregado, ó emprego dos cubertos (especialmente no alumnado de menor idade)...
- Descubrir o valor do tempo libre como medio de deleitarse, de desenvolver as súas capacidades e intereses e de compartir cos demais.

- Estimular a participación en diferentes actividades para abrir o campo dos seus intereses.
- Promover a relación, o intercambio e a cooperación cos outros.
- Valorar e respectar as normas das actividades concretas como un elemento regulador.

7. MENÚS

A dirección do centro programará os menús de acordo con criterios de alimentación sa e equilibrada (ofrecer distintas variedades de carne e de peixes, moderar o consumo de ovos e de sal, ofrecer como sobremesa habitual froita do tempo...). Este menú será o mesmo para todos os comensais, aínda que o alumnado que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades; estes menús serán autorizados polo consello escolar e estarán xustificados mediante certificación médica..

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, a programación dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor.

Esporadicamente, coincidindo con datas sinaladas como Nadal, Entroido... poderase servir un menú especial.

7.1. XESTIÓN COMIDA SOBRANTE

Segundo a Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e .Universidade., do 1 de xuño sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021/2022; no punto 1.2 de protocolo de funcionamento de comedor escolar recóllese o seguinte:

“Neste protocolo regularase, entre outros supostos, o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante, a cal se distribuirá

exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona.” De acordo co previsto na instrución 3/2017 do 23 de marzo.

PROCEDEMENTO A SEGUIR:

O primeiro día no que se entreguen os menús sobrantes, entregarase un documento informativo que contén as recomendacións hixiénico-sanitarias relativas á manipulación, transporte e conservación da comida sobrante (anexo II da instrución). Así mesmo ese primeiro día entregaráselles para a súa sinatura obrigatoria, o documento de compromiso que figura no anexo I da instrución.

Cada día na recepción da comida cubrirase e asinarase un rexistro de recollida, segundo anexo III da instrución, no que se indique os datos da entidade ou persoa que retira a comida, o número de cantidade de pratos recibidos e a hora da súa efectiva recollida.

Os alimentos sobrantes conservaranse previamente ao seu reparto, en condicións de temperatura idóneas segundo anexo IV de conservación que acompaña a instrución.

8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- Antes de entrar ó comedor, o alumnado usuario deberá lavar as mans e desinfectalas co xel hidroalcolico .que haberá nas diferentes portas de entrada.
- Para o aseo de antes de xantar utilizarán os baños das distintas zonas; para o aseo de despois da comida utilizarán os baños da planta baixa.
- O profesorado de EI e EP sairá da aula, co seu grupo de alumnos/as, uns minutos antes da hora de entrada ó comedor ou espazo habilitado pola Covid-19 para comer, para que estes poidan lavar as mans antes de comer.

- Cada alumno/a disporá dun posto fixo no comedor, no que deberá permanecer durante o tempo do xantar, posto adaptado a situación da Covid-19.
- As persoas usuarias do comedor deberán observar unhas normas de comportamento axeitadas á situación: moderar o ton de voz, coidar a postura...
- O alumnado deberá respectar e obedecer as indicacións do persoal colaborador, que informará o equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor.
- As NOF aplicarase tamén ás condutas contrarias á convivencia cometidas no tempo de comedor (antes, durante e despois da comida).
- No caso de que algún alumno/a necesite tomar un medicamento, as familias deben autorizalo por escrito, especificando dose e hora.

9. ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADES

9.1. HORARIOS DE COMIDAS

Para atender ás diferenzas de horario lectivo entre ESO e as outras etapas, establécense dúas quendas diarias no comedor, en zonas diferenciadas, de luns a xoves, e unha única quenda os venres.

Horario de comidas de luns a xoves:

- Educación Infantil e Primaria: de 14.10 a 14.50
- ESO: de 14.35 a 15.15

Horario de comidas dos venres: de 13.45 a 14.30

Horario de comidas nos meses de setembro e xuño: de 15.10 a 15.45

9.2. ACTIVIDADES E ESPAZOS

Deberanse respectar en todo momento as normas de uso de cada estancia.

Motivado pola Covid-19 e adaptándonos ao protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino de Galicia, soamente se fará uso dos seguintes espazos despois de comer:

Patio posterior cuberto (para os cursos de 4º a 6º de EP)

- Xogos individuais con uso de mascarilla e respectando a distancia de seguridade.

Patio posterior descuberto e no caso de choiva ximnasio (para os cursos de 1º a 3º de EP)

- Xogos individuais con uso de mascarilla e respectando a distancia de seguridade.

Patio Infantil (para EI)

- Xogos

Zona verde detrás do ximnasio (ESO)

- Xogos individuais con uso de mascarilla e respectando a distancia de seguridade.

9.3. DISTRIBUCIÓN DE TEMPOS, ESPAZOS E ACTIVIDADES

MESES DE SETEMBRO E XUÑO

- De 15.10 a 15.45 todo o persoal colaborador atenderá o alumnado no comedor e espazos habilitados.
- De 15.45 a 16.10:
 - o Dúas persoas encargaranse do patio posterior.
 - o Dúas persoas faranse cargo do patio de infantil.
 - o Dúas persoas faranse cargo da zona verde.

MESES DE OUTUBRO A MAIO (DE LUNS A XOVES)

- De 14.10 a 14.35 todo o persoal colaborador atenderá o alumnado de EI e EP no comedor e espazos habilitados.
- De 14.35 a 15:00 o persoal, que seguirá no comedor, dividirase do seguinte xeito:
 - o Catro continuarán atendendo o alumnado de EI e EP
 - o Dúas encargaranse do alumnado de ESO (que chegará ó comedor ás 14.35).
- De 15:00 á volta a clase do alumnado
 - o Dúas persoas encargaranse do patio posterior.
 - o Dúas persoas faranse cargo do patio de infantil.
 - o Dúas persoas faranse cargo da zona verde.
 - o Os luns, o alumnado de EI e EP volta ás aulas ás 15.20, hora na que todo o persoal colaborador pasará a atender o alumnado de ESO.

MESES DE OUTUBRO A MAIO (VENRES)

- De 13.45 a 14.30 todo o persoal colaborador atenderá o alumnado no comedor e espazos habilitados.
- De 14.30 a 15.00:
 - o Dúas persoas encargaranse do patio posterior.
 - o Dúas persoas faranse cargo do patio de infantil.
 - o Dúas persoas faranse cargo da zona verde.

10. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Na memoria final de curso incluírase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se lle dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ANEXO I
FICHA PERSOAL COLABORADOR

NOME E APELIDOS:

DNI:

TELÉFONO:

DATA	INCIDENCIA OU FALTA	INTERESADO/A	DIRECCIÓN